

O CARBALLO E O PIÑEIRO


rogar.

- Se queres que nos midamos pola calidade, abóndeches saber que eu teño ó diploma de **"Insigne"**.

Entón o carballo adoptou un son un chisco retranqueiro para dicir:

- Si; pero tamén sería ben que dixeses canto gastaches en recomendacións para conseguilo. Non debiches de entenderme cando antes falei das calidades de dentro e as de fora; quixen lembrarche iso de que importa máis o que se é que o que se ten.

- O que se cotiza- dixo o piñeiro- é o que se pode lucir, o que se ve, o que pode apreciar calquera. ¿De que podes ti presumir?.



- Eu non presumo; porque presumir sempre é unha maneira de enganar máis ou menos, e eu non engano. ¿ti si?.

Non respondeu directamente o piñeiro:

- Ninguén che pide filosofías amigo, di, se tes resposta, ¿que tes ti que eu non teña?.

- Eu- falou con moito aplomo o carballo- teño alma, que no meu caso chámase "cerne" e en min é algo constitutivo; en troques, ti tes aneis, un por ano de vida, cousas externas, para presumir. Eu teño unha nacionalidade, son desta terra dende os celtas a quen ti non coñeciches. Ti aquí es un emigrante, pero ao revés.

O piñeiro querendo amosarse tamén moi seguro replicou:

- Por ese camiño non sigas que non ten saída. Eu son de todo o mundo e hoxe iso é o que campa, o universalismo.

- Tornas á túa idea fixa: campar, presumir, lucir. Ser de todo o mundo é un xeito de non ser de ningures. O teu Documento de Identidade sempre terá unha raia sen cubrir, a mesma que o meu ten cuberta con "Celta Galego".

Por un intre coidei que non lle quedaba resposta ó piñeiro.

Despois de cavilar un intre proseguíu:

- Traer a conto agora ós celtas é falar de historia, do pasado e o que conta é a realidade, non as lérias de tempos idos.

- Traer a conto ós antepasados é afincar as raíces na realidade á que ti te refires. Negala é ser un dexenerado ou un mal nacido- seguiu filosofando o carballo.

Tamén agora quixo facer gala da súa retransa o pino; pero ben se lle vía que a tomara de prestado.

- Moito lle debes ti ós celtas.

- Non sei se lles debo eu, ou se son eles quen me deben. Algo tiveron que ver en min para terme por símbolo da fertilidade e para vencellarme á divindade. Tíñanme consagrado, por se non o sabes, ó Deus do trono, e sabían que dentro de min gardo a fonte das centellas. Xa che dixeran que teño alma con tódalas consecuencias.

Ergueu a voz o pino.

- Vouche tapar a boca duna vez para sempre. ¡Estás pasado de época! Ti falas de utopías e hoxe non contan esas lérias. Báixate á realidade e fíxate no que conta, a rendibilidade, a utilidade por riba da dignidade, a produtividade e sendo a curto prazo mellor; e en todo iso non me pos ti o pé diante. Ós dez anos dou puntais e ós vinte son madeirame. ¿E ti?.

Interrompeu o carballo.

- Eu non. Eu non dou puntóns; porque iso é hoxe e non é mañá. Eu dou trabes para as casa, chedas para os carros, travesas para a vía do tren, cousas todas elas moi serias para as